



PLAN DE BIBLIOTECA

CURSO 2024 - 2025

A PEGA RABILONGA

CPI de Panxón



ÍNDICE:

1. XUSTIFICACIÓN
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA
3. OBXECTIVOS
4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
5. ACTUACIÓNS PREVISTAS
 - 5.1. Formación de usuarios e usuarias
 - 5.2. Adquisición e difusión de novos fondos
 - 5.3. Fomento da lectura e a escritura
 - 5.4. Formación no uso da información
 - 5.5. Colaboración con proxectos e plans do centro
 - 5.6. Implicación das familias
 - 5.7. Colaboración con outras bibliotecas escolares e/ou públicas
6. HORARIO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA
7. AVALIACIÓN: CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INDICADORES

1. XUSTIFICACIÓN

Con este plan de biblioteca preténdese dar continuidade ao esforzo realizado ata o de agora de parte da comunidade educativa do centro: profesorado, alumnado axudante e pais e nais colaboradores e as responsables e equipos de apoio dos cursos previos.

A biblioteca debe continuar a ser un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe aberto a toda a comunidade educativa e un lugar de encontro onde ler, xogar, documentarse, crear, debater ou deseñar e levar a cabo proxectos. Búscase desta maneira que sexa un instrumento de compensación das desigualdades, onde proporcionarlle a todos os usuarios e usuarias o acceso á lectura e a outros recursos informativos.

O plan pretende mellorar a competencia lectora do alumnado dende as aulas, a biblioteca, e calquera espazo visible, promovendo ademais actividades que fagan posible a relación entre alumnado de distintos cursos, a proxección exterior do centro, co obxectivo de aproveitar ao máximo as oportunidades de socialización e comunicación que nos ofrece a lectura.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A biblioteca, situada na planta baixa, conta cunha superficie de 90 m², 4 mesas con cinco postos cada unha, catro postos con ordenadores con acceso a internet, unha zona de lectura informal e unha zona de xogos.

Os fondos da biblioteca inclúen, entre outros, 8651 libros impresos, unha colección de xogos didácticos e unha colección de DVDs.

Polo de agora estes fondos están rexistrados informáticamente a través do programa Meiga. Durante este curso levarase a cabo o traspaso desta información ao novo programa Koha. Tamén contaremos co acceso á plataforma de préstamo de contidos dixitais E-LBE.2.

O alumnado do centro é diverso en canto ao que a lectura se refire, xa que algúns dos alumnos e alumnas están moi interesados e solicitan empréstitos ao longo de todo o curso, pero hai un bo número deles aos que non lles interesa e presentan baixos niveis de comprensión lectora e de expresión escrita e ortografía.

Tanto a nova coordinadora coma os cinco profesores e profesoras que forman o equipo de apoio da biblioteca carecemos de experiencia en materia de xestión e dinamización dunha biblioteca escolar, co que precisaremos de todo o apoio de parte dos nosos compañeiros e compañeiras, que xa nos están a dar dende o principio.

O centro forma parte do PLAMBE dende o curso 2010-2011, sendo Plambe VI, co cal partimos do descrito na memoria Plambe do curso pasado e do Anexo VI coas liñas

prioritarias de actuación para este curso.

Os puntos fortes da xestión e dinamización da biblioteca do centro durante o pasado curso foron:

- A continuidade coa organización por idades recomendadas dos fondos da biblioteca, o que facilita a busca dos libros de interese para cada grupo de idade.
- A coordinación e colaboración cos outros equipos do centro: convivencia, EDLG, TIC, Actividades extraescolares ou Polos creativos.
- O apoio aos programas nos que está inmerso o centro: Plans proxecta, CP-Inclúe, CP-Innova, intercambios escolares e proxectos interdisciplinares.
- O club de lectura, os concursos e obradoiros de cómic, poesía, narrativa, vídeo, fotografía, xogos de mesa, robótica, expresión oral e lectura expresiva ou os encontros con autores.
- A participación nas conmemoracións e celebracións do centro: samaín, 25N, día das persoas con discapacidade, da paz, de Rosalía de Castro, do libro, etc.
- A difusión da actividade da biblioteca a través do blog *A pega rabilonga* e instagram.

Por outra banda, os aspectos nos que cremos que é desexable a mellora da xestión e dinamización da nosa biblioteca escolar son:

- Ampliación do espazo útil da biblioteca optimizando a organización dos libros nos andeis dispoñibles e dos ordenadores de mesa.
- Reorganización da colección para facilitar a busca e o acceso dos usuarios e usuarias aos libros do seu interese.
- Adquisición dun maior número de exemplares de carácter informativo para tratar de acadar o 60% de volumes deste tipo fronte o 40% de ficción.
- Potenciar o labor do equipo de apoio da biblioteca e de alumnado colaborador, facéndolles máis partícipes das tarefas tanto de xestión como de dinamización.
- Incidir no deseño e desenvolvemento de actividades encamiñadas ao fomento da lectura e da alfabetización informacional.
- Selección daquelas conmemoracións que favorezan a consecución dos obxectivos propostos.

3. OBXECTIVOS

- Ofrecer ao alumnado, tanto o espazo adecuado, coma as actividades axeitadas para que comece a adquirir interese pola lectura e hábito lector, ou ben para que os afiancen aqueles que xa os teñen.
- Mellorar a organización do espazo físico da biblioteca: mobiliario e organización dos exemplares nos andeis.
- Recatalogar aqueles fondos que non se axusten completamente á CDU.
- Realizar o cambio da xestión informática dos fondos do programa Meiga ao programa Koha.
- Favorecer a maior participación do equipo de alumnado colaborador da biblioteca, tanto nas tarefas de xestión e organización coma nas de dinamización.
- Facilitar a coordinación e implicación do profesorado participante no equipo de apoio da biblioteca e deste co resto do claustro do centro.
- Incidir en actividades de formación das persoas usuarias da biblioteca en canto á súa familiarización coa busca ou selección de exemplares e de información.
- Promover a participación de todo o alumnado e profesorado a través de diversos mecanismos para recoller e analizar as súas suxerencias, tanto de adquisición de novos fondos como de organización da biblioteca e das súas actividades.
- Promover a implicación das familias a través de actividades coma xornada de portas abertas ou lecturas compartidas, ademais das que xa se fan coma o recuncho de pais e nais ou as mochilas viaxeiras.
- Tentar sistematizar prácticas coma as lecturas compartidas, o apadriñamento lector, a promoción das novidades e as recomendacións lectoras dende toda a comunidade educativa.
- Impulsar a formación do profesorado a través do PFPP ou de outras actividades formativas, tanto externas coma internas.
- Procurar levar a cabo unha avaliación continuada do desenvolvemento deste plan, realizando enquisas ou cuestionarios formais e informais aos/as usuarios/as.
- Visitar outras bibliotecas escolares para aprender das súas boas prácticas e tamén a biblioteca municipal do concello de Nigrán.

4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Neste curso 2024/2025 o equipo docente de apoio á biblioteca está formado por:

- Andrea Méndez Cores
- Tamara Seoane Gesteiro
- Leticia Tormo Rueda
- Borja Rodríguez Vázquez
- Fátima Alonso Caride
- María Zapatero Artacho (coordinadora)

O tempo dispoñible para o desempeño das funcións é de tres sesións lectivas para a coordinadora e dunha sesión para tres docentes do equipo, non tendo o resto asignación horaria para este cometido.

O horario de apertura da biblioteca será en tódolos recreos, de 11:30h a 12:00h e as tardes dos mércores, xoves e venres de 16h a 18h.

O alumnado colaborador distribuirase en parellas para desenvolver as súas tarefas de axuda, empréstitos, etc durante os recreos.

Continúa funcionando este curso o recuncho para pais e nais, situado na planta baixa, no que fan os seus propios empréstitos. O seu lema é: Se ti les, eles tamén len.

No corredor do centro dispoñemos de dous paneis para a difusión das novidades lectoras, recomendacións, lecturas temáticas, etc.

A coordinación co profesorado para a proposta e organización das actividades levarase a cabo a través de plantillas compartidas e reunións conxuntas para a distribución das tarefas.

Continuaremos tamén coa difusión das actividades levadas a cabo a través do blog <http://apegarabilongacpidepanxon.blogspot.com.es/>

5. ACTUACIÓNS PREVISTAS

5.1. Formación de usuarios e usuarias

- Comezaremos pola correcta formación do equipo de colaboradores en canto a:
 - Coñecemento e manexo da CDU.
 - Correcta lectura de tejuelos.
 - Procedemento para a selección dunha lectura e localización nos andeis da biblioteca, por idades recomendadas e por materias.
 - Busca e localización de libros no Opac Meiga (á espera do cambio ao Koha).
 - Busca na plataforma E-LBE.2.
 - Realización de empréstitos e devolucións.
 - Normas de funcionamento.
- Explicación para o alumnado de primaria e de 1º e 2º ESO da localización dos libros por idades e materias, da interpretación da CDU e do bo uso do espazo, dos libros e

CPI PLURILINGÜE ARQUITECTO PALACIOS

dos xogos da biblioteca.

- Formación de novos usuarios ou recordatorio para os demais a través do equipo de colaboradores.
- Actividades de busca de información nos libros da biblioteca, seguindo un guión previo, utilizando fichas bibliográficas ou tratando de localizar un determinado libro para os máis pequenos.
- Elaboración e posta a disposición dunha breve guía do/a usuario/a da biblioteca.

5.2. Adquisición e difusión de novos fondos

- Difundir e empregar os criterios para a adquisición de novos materiais:
 - Aumentar a porcentaxe de libros informativos de todas as áreas.
 - Darlle prioridade as temáticas relacionadas co proxecto do centro durante este curso: “A ciencia e a vida saudable”.
 - Ter en conta a relación dos temas cos ODS.
 - Recoller as suxestións do profesorado dos distintos niveis e departamentos, así como as do alumnado, tanto na propia biblioteca como nas aulas e ás dos pais e nais no seu recuncho.
- Catalogación e clasificación dos documentos e libros de nova adquisición.
- Revisión e análise da colección e facer expurgo dos deteriorados, desfasados ou de pouco interese.
- Exposición das recomendacións lectoras do alumnado, profesorado e pais e nais adquiridas pola biblioteca.
- Exposición dos libros máis lidos e as críticas dos lectores e lectoras.
- Exposición dos libros relacionados con conmemoracións dos días da paz, 25N, etc.

5.3. Fomento da lectura e a escritura

- Cambio na organización da hora de ler en secundaria: pasará a ser un cuarto de hora cada día, variando a hora cada semana. Preténdese con este cambio incentivar a adquisición do hábito lector no alumnado, entendido como costume diaria.
- Continuación dos clubs de lectura tanto en primaria como en secundaria.
- Contemplan a posibilidade de incluír aos pais e nais nestes clubs de lectura e animar a máis profesorado para que se impliquen.
- Concursos de relatos: de outono, terroríficos, poemas, cartas de amizade, etc.
- Actividades de lectura de prensa ao longo de todo o curso (Voz de Galicia) e especialmente durante a semana da prensa.

CPI PLURILINGÜE ARQUITECTO PALACIOS

- Elaboración de itinerarios lectores.
- Lecturas compartidas: contacontos, en parella, lecturas comentadas.
- Tendo en conta o lema do Plambe durante este curso, “O teatro”, realizar lecturas dramatizadas.

5.4. Formación no uso da información

- Actividades de investigación empregando unha busca guiada de información e valorando a fiabilidade das fontes empregadas.

5.5. Colaboración con proxectos e plans do centro

- Participación en actividades conxuntamente cos equipos de dinamización do centro: EDLG, convivencia, TIC, Actividades extraescolares ou Polos creativos.
- Apoio aos programas nos que está inmerso o centro: Plans proxecta, CP-Inclúe, CP-Innova, intercambios escolares e proxectos interdisciplinares.
- Club de lectura, concursos e obradoiros de cómic, poesía, narrativa, etc, encontros con autores ou o apadriñamento lector.
- Participación nas conmemoracións e celebracións do centro: samaín, 25N, día das persoas con discapacidade, día da muller traballadora, día da paz, semana da prensa, día de Rosalía de Castro, día da poesía, día do libro e día das letras galegas.

5.6. Implicación das familias

- Continuar coas mochilas viaxeiras.
- Colaboración na preparación e presentación de actividades.
- Coordinarse cos pais e nais nos empréstitos que levan a cabo no seu Recuncho.
- Organizar unha xornada de portas abertas para as familias.

5.7. Colaboración con outras bibliotecas escolares e/ou públicas

- Visita á Biblioteca pública do Concello de Nigrán.
- Visita a outras bibliotecas escolares para aprender das súas boas prácticas. O centro participa no proxecto Observa-acción, a través do cal teremos a oportunidade de visitar outros centros escolares.

6. HORARIO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

A biblioteca permanecerá aberta durante os recreos para todo o alumnado do centro (primaria e secundaria). Habrá un docente de garda e un mínimo de dous alumnos/as

colaboradores de biblioteca para axudar aos usuarios/as.

Tamén permanecerá aberta as tardes dos mércores, xoves e venres de 16h a 18h cun docente de garda.

Os grupos de primaria teñen asignada unha sesión semanal cada un deles para a asistencia á biblioteca (en xeral a última hora).

Para o resto de horas, porase a disposición do profesorado un horario de reservas de sesións na biblioteca, onde poderán facer a reserva do uso da biblioteca.

7. AVALIACIÓN: CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INDICADORES

O equipo de biblioteca procurará levar a cabo unha avaliación continuada do desenvolvemento deste plan, realizando enquisas ou cuestionarios formais e informais aos/as usuarios/as. Para este fin levaranse a cabo actuacións coma as seguintes:

- Reunións periódicas do equipo de biblioteca onde valorar a utilidade das distintas accións levadas a cabo, o grao de implicación do equipo de alumnado colaborador, o uso da biblioteca en canto a afluencia e á lectura e os empréstitos realizados.
- Recoller a valoración por parte do profesorado das actividades realizadas, a implicación do alumnado e o resultado na súa aprendizaxe.
- Facer un balance do número de empréstitos, do grao de mellora nas competencias lectoras do alumnado e do seu grao de satisfacción e do grao de cumprimento dos obxectivos deste plan.
- Enquisas sobre as opinións, tanto de alumnado como de profesorado, sobre o funcionamento das actividades sistematizadas, como a hora de ler, as mochilas viaxeiras, as lecturas compartidas ou o apadriñamento lector.
- Todos estes rexistros servirán para a elaboración da memoria final do Plambe e das liñas prioritarias de actuación para o seguinte curso.

Panxón, 10 de outubro de 2024